

O MUPEGA é o único museo educativo galego e o primeiro creado no Estado español a iniciativa dun Goberno autonómico

O PRESIDENTE DA XUNTA INAUGUROU EN SANTIAGO A NOVA SEDE DO MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA

Santiago, 21 de outubro de 2004.- O presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, inaugurou hoxe no barrio compostelán de San Lázaro a nova sede do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás Fernández, e o presidente do Parlamento de Galicia, José María García Leira, entre outras autoridades.

O MUPEGA é un centro específico creado pola Consellería de Educación a través dun Decreto do ano 2000, coa finalidade de recuperar e custodiar o patrimonio pedagóxico de Galicia para así poder estudalo e difundilo aos cidadáns galegos en xeral e á comunidade escolar en particular. A idea que se pretendía era rescatar o mobiliario e o material didáctico en desuso nos centros públicos de ensino, de recoller en soporte audiovisual as historias de vida de varios educadores galegos e de presentar exposicións sobre a memoria educativa do país.

Ata o de agora, o Museo funcionaba a través do *Espazo Mupega*, constituído por unha mostra itinerante que xa se ten achegado a numerosas cidades e vilas galegas.

Outra iniciativa senlleira foi a constitución, dende o ano 2002, da *Rede Mupega* formada polos institutos “Arcebispo Xelmírez I”, de Santiago de Compostela; o “Lucus Augusti” de Lugo; o “Otero Pedrayo” de Ourense; o “Salvador de Madariaga” da Coruña e o “Sánchez Cantón” de Pontevedra, todos eles escollidos pola súa antigüidade e longa traxectoria, que lles facía posuídores dun rico fondo patrimonial científico-educativo que axudaba a engrosar o fondo propio do MUPEGA.

Coa instalación do Museo Pedagóxico de Galicia nunha sede estable cúmprese unha das necesidades primordiais que tiña para poder cumprir a súa función esencial de expoñer e custodiar o legado educativo de que dispón. Ademais, deste xeito convírtese no único museo especializado en materia educativa da Comunidade Autónoma galega, á parte de se-lo primeiro que se crea a iniciativa dun Goberno autonómico no Estado

español. O edificio que hoxe se inaugurou recolle os materiais máis representativos das distintas etapas do ensino, tanto de épocas pasadas coma da actualidade.

MÁIS DE 1.000 M² PARA VISITAR

A sede do MUPEGA dispón de 1.195,69 m² adicados ex profeso a exposición dos 3.406,81 m² de superficie útil total distribuídos en tres andares. Na planta baixa está emprazada unha exposición central que condensa os referentes de contidos do museo, unha imprenta “Minerva” de comezos do século XX e unha solaina de personaxes galegos que deixaron a súa pegada no mundo educativo.

No primeiro andar sitúanse unidades dedicadas á infancia, aos mestres, á inspección, ás escolas fundadas polos emigrantes galegos radicados en América, aos xogos e aos xoguetes, á educación especial, ao sistema educativo no seu devir temporal e a exposicións temporais que actualmente acolle unha mostra monográfica sobre a evolución dos medios audiovisuais no mundo do ensino ao longo da historia.

No andar superior atópanse áreas especificamente dedicadas á *Rede Mupega*, ao ensino secundario, á Formación Profesional e a recreación de catro aulas de época (escola de ferrado, da Restauración, da II República e a escola do franquismo) con diversas vitrinas complementarias e un corredor expositivo dedicado á ensinanza de alumnos xordos e cegos.

As instalacións do MUPEGA dispoñen, ademais, dun salón de actos para máis de cen persoas, unha biblioteca de apoio, unha sala de investigadores, varias áreas de lecer e actividades cooperativas, así coma un almacén que alberga os fondos actualmente non expostos e obradoiros de tratamento, desinsectación e catalogación das pezas ingresadas, así coma un laboratorio audiovisual.

O Museo Pedagóxico estará aberto de martes a domingo e poderá ser visitado, de forma individual ou en grupo, de xeito gratuito. No mes de novembro iniciarase unha campaña de difusión destinada aos centros educativos dando cumprida información sobre os pasos a seguir para poder organizar as visitas.

40.000 PEZAS

Dende a súa creación, o equipo de persoas que integran o proxecto do Museo Pedagóxico de Galicia iniciou a recollida de materiais escolares que foran ficando en desuso por toda a xeografía galega. Como resultado desta labor de catro anos lográronse recadar máis de 40.000 pezas que se conservan na sede central que hoxe se estrea.

Precisamente parte desta labor fíxose a través do *Espazo Mupega*, posto que esta exposición itinerante tiña por finalidade involucrar na súa construción ao conxunto da cidadanía, na mesma medida en que, como é obvio, existe unha vinculación de todos os galegos co mundo escolar e cada quen pode contribuir dalgunha maneira ao arrefriamento desta entidade de carácter público, comprometida coa salvagarda e o estudo do patrimonio educacional e con canto ten que ver co mundo da nenez e a súa actividade primordial, que é o xogo.

A recompilación de material tamén se fixo a través do *Certame Mupega*, que tivo a súa primeira edición no curso 2002/03 e ofrece a posibilidade de participar presentando proxectos de traballo en torno a tres temáticas distintas: a recuperación gráfica da memoria da escola e da infancia en Galicia (1870-1970); a recuperación oral da memoria escolar de Galicia (1900-1970) e a recuperación do patrimonio físico e documental da escola e da infancia en Galicia (1870-1970).

O MUPEGA é un centro pioneiro e modélico no conxunto do Estado español na recuperación da memoria educativa dun pobo. Os seus antecedentes atópanse no ano 1926 cando naceu o “Museo Pedagóxico Rexional” que axiña esmoreceu. Hoxe en día, ademais de promover a recuperación da memoria histórica tamén ten, entre as súas funcións, as de xestionar proxectos, publicacións e outro tipo de actividades que contribúan a dinamizar a realidade pedagóxica de Galicia.

En definitiva, a pretensión deste Museo é a de converterse nun referente cun grande valor didáctico, como mostra da historia recente das escolas, para os alumnos que o desexen visitar e, incluso, nun reclamo turístico para todas aquelas persoas que visiten Galicia.